Alcaldía do Concello de SADA
Avenida da Mariña, 25
15160 – SADA (A Coruña)

Expediente: IN407A 2022/078-1 (expropiacións)
Proxecto: Instalacion de telecontrol en LMT SAD713 apoio AKPO6EI1//15C485-5, no concello de Sada.
Asunto: Pagamento de prezos xustos por expropiacións.

De conformidade co disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, do 26 de abril de 1957, por esta xefatura territorial acordouse sinalar o día **2 de decembro de 2026** a partir das **12:30** horas, para efectuar os pagos dos prezos xustos determinados polo Xurado de Expropiación de Galicia por imposición de servidumes de paso das instalacións deste expediente, **nas oficinas desa Casa Consistorial ou local que se habilite para o efecto**, ás persoas interesadas propostas como propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas, contidas na relación que se acompaña.

Con independencia do sinalado no artigo 49.1 do citado Regulamento, significolle que esta xefatura territorial dirixe notificación individual por correo certificado con aviso de recibo ás persoas interesadas, dándolles coñecemento do día e hora para facer efectivo o pago.

Coa finalidade de levar confeccionada a acta na referida data prégolle, así mesmo, por ser necesaria a sua comparecencia, confirmen a este departamento territorial o nome e apelidos do Alcalde ou do concelleiro/a que acorden designar para o dito acto.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

Asinado por: ABAD BELLO, JESÚS MANUEL
Cargo: XEFE DE SECCIÓN
Data e hora: 26/10/2026 18:07:34

Departamento Territorial
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtcoruna@xunta.gal
https://economia.xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AxXR0iLCqKB2 https://sede.xunta.gal/cve